

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO
PARA O ALUGUER DO EMBARCADOIRO DE TRANSPORTE DE
PASAXEIROS NO PORTO DEPORTIVO JUAN CARLOS I DE SANXENXO.
COMPROBACIÓN DE DOCUMENTACIÓN**

Na sede social de Nauta Sanxenxo, S.L. sendo as 11:45 horas do día vinte nove de xullo de dous mil quince, constituída a mesa composta por D. José Juan Vidal Vilanova, como Interventor Xeral e Dona María Teresa Cortizo Piso, como Secretaria do Consello de Administración da mercantil "Nauta Sanxenxo, S.L.", da fe deste acto.

En data 14 de xullo de 2015 foi solicitada documentación a adxudicataria NAVIERA MAR DE ONS segundo a cláusula 14 do prego de condicións administrativas particulares mediante procedemento aberto para o alugueiro do embarcadoiro de transporte de pasaxeiros no porto deportivo Juan Carlos I de Sanxenxo.

Procédese a revisar toda a documentación que foi presentada en prazo e forma nas oficinas de NAUTA SANXENXO en data 27/07/15.

Unha vez comprobada dita documentación constátase que a mesma cumpre cos requisitos esixidos no prego de condicións.

Faise constar que se deberá proceder á firma do contrato o vindeiro luns 3 de agosto de 2015 ás 12:00 horas na sede da Intervención Municipal. Así mesmo emitirase a factura polo pago correspondente de 28.520,00€ + IVE que se fará no momento da firma mediante cheque conformado ou transferencia bancaria.

En proba de conformidade asinan os presentes, dáse por finalizado o acto cando son as 12:20 horas; de todo o que como Secretaria dou fe.

D. JOSÉ JUAN VIDAL VILANOVA
INTERVENTOR XERAL

Da Ma TERESA CORTIZO PISO
SECRETARIA DO CONSELLO
DE ADMINISTRACIÓN